



## MEMORIA XUSTIFICATIVA RELATIVA AO CONVENIO ENTRE A AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA – INEGA E A ASOCIACIÓN CULTURAL AS SALAM PARA ACTUACIÓNS RELATIVAS A ENERXÍA RENOVABLES.

A xerente da Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

**DECLARA:** Que esta entidade de dereito público ten previsto formalizar ca Asociación Cultural As Salam, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións básicas para a colaboración entre o INEGA e AS SALAM, para o fomento e divulgación do uso das enerxías renovables entre o colectivo social vinculado á asociación, como novas alternativas enerxéticas que axuden a paliar a crise de prezos nun momento como o actual, mediante a instalación de sistema de calefacción mediante bomba de calor e radiadores no local da rúa Túnel de Oural núm. 26 Planta B 27003 Lugo.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Instituto Enerxético de Galicia (Inega) constitúese en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo, e entre os seus fins figuran “o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos, de acordo coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias”.

Que AS SALAM é unha entidade sen ánimo de lucro constituída en 2010 exercendo as súas actividades no ámbito territorial da provincia de Lugo.

### Os seus fins principais son:

- a.- Fomentar o encontro intercultural e a reflexión neste ámbito para favorecer a integración do colectivo inmigrante e promover as actitudes positivas de acollida, ofrecendo estruturas de apoio no proceso de inserción persoal e familiar.
- b.- Facilitar o acceso a información relativas ao ámbito social, cultural, educativo e laboral.





c.- Potencial o espíritu solidario, estimulando a colaboración e axuda entre asociados para a unidade de esforzos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

O Inega colaborará con AS SALAM no financiamento do desenvolvemento do obxecto do presente Convenio, cunha achega de vinte e un mil novecentos trinta e sete euros con cincuenta céntimos (21.937,50 €) IVE engadido, equivalente ao 100 % do custe subvencionable, con cargo a aplicación orzamentaria 05.A3.733A.781.6 do seu orzamento de gastos para o ano 2023, segundo o cadro seguinte:

CONCEPTO	UNIDADES	IMPORTE UD	TOTAL
Elementos de aluminio	300	15	4.500,00 €
Inercia de 150 litros	1	1.000	1.000,00 €
Bomba circuladora modulante	1	310	310,00 €
Cadro eléctrico de protección	1	300	300,00 €
Bomba de calor 16 kw	1	7.800	7.800,00 €
Kit de chaves e detectores	13	30	390,00 €
Aportación para conexión novos puntos	13	250	3.250,00 €
SUBTOTAL			17.750,00 €
IVA 21 %			3.685,50 €
TOTAL INSTALACIÓN			21.235,50 €
Exaccións urbanísticas Concello de Lugo			702,00 €
TOTAL			21.937,50 €

No texto do convenio ponse de manifesto que se van realizar actividades de interese público, social, económico e medioambiental como son o fomento e divulgación do uso das enerxías renovables de cara a reducir o gasto enerxético e mellorar as rendas das familias.

Que o Inega non conta na actualidade con ningunha convocatoria pública que se adapte para este tipo de beneficiarios os investimentos que se pretenden realizar co obxecto deste convenio.

En atención ao exposto, e a fin de cumprimentar o preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á a sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A Xerente,

Vanessa Cal Ríos

